



CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS AO ESTUDO, CURSO 2023/2024 DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL E EDUCACIÓN PRIMARIA NOS CEIP DO CONCELLO E CEIP PÚBLICOS DOS CONCELLOS LÍMITROFES E EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA NUN CENTRO PÚBLICO

Primeira. Natureza, obxecto e créditos orzamentarios.

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública en concorrencia competitiva, que no exercicio das súas competencias e de conformidade co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal, efectúa o Concello de Oza - Cesuras para a concesión de axudas para libros de texto e material escolar, curso 2023/2024, para aquelas familias empadroadas neste municipio que se atopen nunhas condicións económicas e sociais desfavorables, como acción de fomento e contribución aos gastos orixinados polo comezo do curso escolar destinados a alumnos/as cursando estudos de 2º ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria nos CEIP do Concello e CEIP públicos dos concellos limítrofes e Educación Secundaria Obrigatoria nun Centro Público.

O presente expediente tramítase como gasto, estando condicionada a súa efectividade á suficiente dotación orzamentaria de 10.000,00 €, dentro da aplicación orzamentaria 326.48000, que o Concello se compromete a consignar na oportuna modificación de crédito.

Segunda. Beneficiarios/as, requisitos e xeito de acreditación.

Para optar ao beneficio de bolseiro/a deberán reunirse os seguintes requisitos:

- a) A solicitude formularaa o pai, nai ou titor/a do/a alumno/a tendo tanto o/a alumno/a como o/a solicitante que estar empadroados/as no Concello de Oza – Cesuras ou residir de modo efectivo no mesmo.
- b) Estar o/a alumno/a matriculado/a en ensinanzas obxecto desta convocatoria.
- c) Que os ingresos das unidades familiares non superen as cantidades que se recollen na base cuarta da presente convocatoria.
- d) Ter presentado a solicitude e documentación no prazo establecido (anexo I).
- e) Cumprimento dos requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e de estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Oza-Cesuras. Esta circunstancia acreditarase mediante a declaración responsable incluída no formulario de solicitude (anexo II).





f) Cumprimento das obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira. Gastos subvencionables.

As axudas irán destinadas a cubrir os seguintes gastos:

- Educación Infantil: Libros de texto, material escolar.
- Educación Primaria: Material escolar.
- Educación Secundaria Obrigatoria: Material escolar.

Cuarta. Contía da axuda.

A contía da axuda concederáse en función dos ingresos económicos da unidade familiar. Segundo isto, establécese o seguinte baremo:

- **LIBROS DE TEXTO DE INFANTIL**
 - **Axuda 1**: O límite estaría nunha renda familiar de 28.000 € máis 1.000 € por cada fillo/a e correspóndelle unha axuda de **40,00 €**.
 - **Axuda 2**: O límite estaría nunha renda familiar de 18.000 € máis 1.000 € por cada fillo/a e correspóndelle unha axuda de **100,00 €**.
- **MATERIAL ESCOLAR**
 - **Axuda 1**: O límite estaría nunha renda familiar de 28.000 € máis 1.000 € por cada fillo/a e correspóndelle unha axuda de **40,00 €**.
 - **Axuda 2**: O límite estaría nunha renda familiar de 18.000 € máis 1.000 € por cada fillo/a e correspóndelle unha axuda de **90,00 €**.

Para estes efectos enténdese por:

a) UNIDADE FAMILIAR: Considérase familia para calcular o baremo de recursos, o matrimonio ou parella, os/as pais/nais ou titores legais e os/as fillos/as menores que dependan economicamente destes. No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co/a solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co/a solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma e o convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.





b) RENDA FAMILIAR: O total de ingresos obtidos por todos os membros computables da unidade familiar, sexa cal sexa a súa procedencia (rendementos do traballo por conta propia ou allea, pensións, prestacións e subsidios, rendas de capital,...) resultante da suma das casiñas 435 (Base imponible xeral) + 460(Base imponible do aforro) do IRPF 2022.

Quinta. Presentación de solicitudes, documentación a xuntar e prazo de solicitude.

1- As solicitudes deberán formularse segundo o modelo oficial que figura como Anexo I dirixido ao Sr. Alcade do Concello de Oza-Cesuras, e que se presentará no Rexistro Xeral do Concello de Oza-Cesuras, en calquera das sedes de Oza dos Ríos e Cesuras, telemáticamente na sede electrónica do Concello de Oza-Cesuras, con certificado dixital, ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). No suposto de que a instancia non se presente no Rexistro Xeral do Concello o solicitante deberá remitir copia da solicitude ao Fax 981 792025 antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

Tamén se poderá obter o modelo de solicitude a través da páxina web www.concellodeozacesuras.es.

2- Xunto coa solicitude asinada polo/a solicitante (pai/nai ou titor/a), deberase presentar a seguinte documentación:

2.1.- D.N.I. de ambos proxenitores, salvo no caso de separación ou divorcio que se achegará o do proxenitor que ostente a custodia do/a menor.

2.2.- Libro de familia (deberán presentarse as follas de toda a familia).

2.3.- A capacidade económica da unidade familiar calcularase en atención a súa renda e se é o caso ao seu patrimonio. A renda valorarase atendendo ós ingresos netos que se perciban e que comprenderán os rendementos do traballo, incluídas as pensións e prestacións de previsión social (nacionais e/ou do estranxeiro, calquera que sexa o seu réxime (certificado 2022); os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e pérdidas patrimoniais. Ante calquera dúbida a comisión calificadora poderá solicitar declaración xurada de ingresos.

No caso de non autorizar a súa consulta (Anexo III), achegará a declaración da renda correspondente ao último exercizo (ano 2022) e, de non estar obrigado a facela, certificado acreditativo do nivel de renda emitido pola Axencia Tributaria.





No caso de estar desempregado/a, presentar documentación que acredite dita situación e certificado do SEPE da percepción ou non de prestación.

No caso de percibir pensión por xubilación, viudedade, orfandade ou incapacidade, deberán presentar o certificado expedido polo organismo competente da cantidade percibida.

No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador así como xustificantes das aportacións do excónxuxe ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento de sentenza.

No caso de estimarse oportuno, por terse modificado desfavorablemente a situación económica, poderanse presentar tamén xustificantes de ingresos do ano 2023 ata a data da convocatoria, para que, no seu caso, unha vez analizadas as circunstancias, a Comisión Cualificadora poida propoñer o que estime procedente.

2.4.- Xustificante de matrícula para o curso 2023/2024.

2.5.- Certificación bancaria do número de conta ou fotocopia da cartilla de aforros na que figure o número de conta co IBAN e na que deberá figurar como titular a persoa solicitante.

2.6.- Xustificantes indicados na cláusula oitava desta convocatoria.

- O empadramento comprobarase de oficio.

3- O prazo de presentación de solicitudes rematará o vindeiro 23 de novembro de 2023.

Sexta. Procedemento de concesión de axuda.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, serán valoradas polos Comisión Cualificadora a totalidade das solicitudes presentadas, que emitirán un informe proposta de concesión/denegación e logo procederase a súa aprobación polo órgano competente.

Sétima. Órgano competente

O órgano competente para a concesión das bolsas é o Alcalde ou Xunta de Goberno Local na que delegue, previa proposta da Comisión Cualificadora que estará composta polas integrantes dos Servizos Sociais deste municipio (Traballadoras Sociais e Educadora Familiar).

Oitava. Xustificación.

Para a xustificacións os/as beneficiarios/as deberán presentar a seguinte documentación:





- Declaración responsable do cumprimento dos requisitos e condicións e da finalidade que determina a concesión da subvención (Anexo IV).

- Relación clasificada de gastos realizados con identificación dos/das acredores/as, dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos, acompañada de facturas ou xustificantes de pago (Anexo IV).
- Relación detallada das subvencións ou axudas solicitadas ou obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto (Anexo IV).

En calquera caso o/a beneficiario/a ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola intervención do Concello, Tribunal de Contas ou Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O/a beneficiario/a ten a obriga de reintegro dos fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención, e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena. Pagamento e entrega da axuda

O pagamento das axudas efectuarase mediante transferencia bancaria para o cal o/a solicitante deberá presentar o número de conta onde quere que se lle ingrese dita axuda. Non obstante, o concello poderá acordar outra forma de pagamento.

Décima. Compatibilidade

A presente subvención é compatible con outras que para a mesma finalidade poidan concederse por entes públicos ou privados aos beneficiarios/as cos requisitos previstos na base segunda.

O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo do investimento feito polo beneficiario/a.

Undécima. Recursos

A resolución que resolva o procedemento poñerá fin á vía administrativa e, contra a mesma o/a interesado/a poderá interpor os recursos que se indican a continuación:

1. Recurso potestativo de reposición, ante o órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a aquel no que se notifique ou publique a resolución, de





conformidade co establecido nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo común ds Administración Públicas.

2. Directamente, recurso contencioso administrativo, ante o órgano competente da xurisdición do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte a aquel no que se notifique ou publique a resolución, en aplicación do disposto no artigo. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición do Contencioso Administrativo.

3. Todo iso, sen prexuízo de que o/a interesado/a interpoña calquera outro recurso que estime pertinente.

Duodécima. Interpretación.

Cálquela dúbida que poida plantexarse da interpretación das presentes bases será resolta pola Comisión Cualificadora.

En Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE,

Asdo. José Pablo González Cacheiro





ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS AO ESTUDO PARA O CURSO ESCOLAR 2023-2024

DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome e apelidos			
D.N.I.			
Pai		Nai	
Enderezo			
Teléfono			
Número membros unidade familiar			

EXPÓN:

Que tendo coñecemento de que o Concello de Oza - Cesuras convoca axudas para o estudo para o curso académico 2023/2024 a aquelas familias empadroadas neste Municipio das que os seus fillos/as realicen estudos nun centro público.

SOLICITA A CONCESIÓN DAS SEGUINTE:

- Libros de texto (2º ciclo Educación Infantil)
- Material escolar (2º ciclo Educación Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria)

NOME DO ALUMNO/ALUMNA	CURSO	CENTRO
1.-		
2.-		
3.-		
4.-		
5.-		

Oza - Cesuras, _____ de _____ de 2023

Asdo.: _____





SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OZA-CESURAS

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

Deberán aportarse os seguintes documentos segundo os casos que se especifican (sinale as casillas correspondentes aos documentos aportados):

D.N.I. de ambos proxenitores, salvo no caso de separación ou divorcio que se achegará o do proxenitor que ostente a custodia do/a menor.

Libro de familia (deberán presentarse as follas de toda a familia).

A capacidade económica da unidade familiar calcularase en atención a súa renda e se é o caso ao seu patrimonio. A renda valorarase atendendo ós ingresos netos que se perciban e que comprenderán os rendementos do traballo, incluídas as pensións e prestacións de previsión social (nacionais e/ou do estranxeiro, calquera que sexa o seu réxime (certificado 2021); os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e pérdidas patrimoniais. Ante calquera dúbida a comisión calificadora poderá solicitar declaración xurada de ingresos.

No caso de non autorizar a súa consulta (Anexo III), achegará a declaración da renda correspondente ao último exercizo (ano 2022) e de non estar obrigado a facela, certificado acreditativo do nivel de renda emitido pola Axencia Tributaria.

No caso de estar desempregado/a, presentar documentación que acredite dita situación e certificado do SEPE da percepción ou non de prestación.

No caso de estar desempregado/a, presentar documentación que acredite dita situación.

No caso de percibir pensión por xubilación, viudedade, orfandade ou incapacidade, deberán presentar o certificado expedido polo organismo competente da cantidade percibida.





No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza e do convenio regulador así como xustificantes das aportacións do ex cónxuxe ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento de sentenza.

No caso de estimarse oportuno, por terse modificado desfavorablemente a situación económica, poderanse presentar tamén xustificantes de ingresos do ano 2023 ata a data da convocatoria.

Xustificante de matrícula para o curso 2023/2024.

Certificación bancaria do número de conta ou fotocopia da libreta de aforros na que figure o número de conta co IBAN e na que deberá figurar como titular a persoa solicitante.

Xustificantes indicados na cláusula oitava da convocatoria.

■ O empadramento comprobarase de oficio.

No tocante á documentación anteriormente relacionada e que debe achegarse solicitude de bonificación das axudas ao estudo para o curso escolar 2023/2024 , ao abeiro do establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) **DECLARO** que todos os documentos son veraces, que concordan cos orixinais que posúo e que os exhibirei en calquera momento a requirimento dese concello.

Así mesmo,

AUTORIZO: Ao Concello de Oza- Cesuras a consultar e recabar os documentos citados no cadro seguinte, que non sufriron ningún tipo de variación nin actualización, e que xa foran achegados con anterioridade no rexistro xeral deste concello no procedemento e nas datas que se indican:

Documento	Procedemento e data en que se presentou
DNI da nai do/a menor (vixente)	
DNI do pai do/a menor (vixente)	
Último convenio regulador (de ser o caso)	
Libro de Familia (todas as follas)	





Oza - Cesuras, _____ de _____ de 2023

Asdo.: _____

ANEXO II

CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVISTOS NO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003 E ARTIGO 10 DA LEI 9/2007

(para cubrir por todos os solicitantes)

Eu, _____ don/dona

_____ con DNI núm. _____, veciño/a de Oza - Cesuras

DECLARO que cumpro os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e estou ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Oza-Cesuras.

Oza - Cesuras, _____ de _____ de 2023





Asdo.: _____

ANEXO III

AUTORIZACIÓN PARA OBTENER DATOS DA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA

As persoas que asinan abaixo, autorizan ao Concello de Oza-Cesuras a solicitar á Axencia Estatal da Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control do cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria de axudas ao estudo para o curso 2023/2024, cando a persoa que consta no apartado A da presente autorización poida resultar beneficiaria.

A presente autorización outorgase exclusivamente aos efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación do disposto no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que permite, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA. PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: DATOS QUE POSÚA A AXENCIA TRIBUTARIA DO IMPOSTO SOBRE LA RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS DO EJERCICIO 2022.





A.- DATOS DO SOLICITANTE DA AXUDA.

APELIDOS E NOME	
NIF	SINATURA

B.- DATOS DE OUTROS MEMBROS DA FAMILIA DO SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECEMENTO, SEGUIMENTO O CONTROL DA AXUDA.

(Unicamente maiores de 18 anos)

NIF	Apelidos e nome	Sinatura

En Oza-Cesuras, a ____ de _____ de 2023

NOTA: A autorización concedida polos que arriba asinan pode ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ao organismo solicitante.

***Deberán achegar copia do DNI de todos os membros da unidade familiar cuxos ingresos son computables para o recoñecemento, seguimento e control da axuda, se xa foron presentados para o seguinte procedemento _____ o ____/____/____.**

ANEXO IV

Eu, _____ don/dona

con DNI núm. _____, veciño/a de Oza - Cesuras, como solicitante de axudas ao estudo para o ano 2023/2024 convocadas por este concello.

DECLARO

- Que teño concedidas as seguintes axudas:
 - Libros de texto.
 - Material Escolar.
- Que se cumpriron os requisitos e condicións e a finalidade que determina a concesión da axuda.
- Que os gastos realizados foron os seguintes:





ACREDORES	CONCEPTO DO GASTO	TIPO DOCUMENTO	IMPORTE
TOTAL GASTO			Euros

Que para o mesmo concepto, solitáronse, ademais as subvencións ou axudas doutras administración públicas ou entidades privadas seguintes, polos importes que se indican:

ENTIDADE	IMPORTE
TOTAL SUBVENCIONS /AXUDAS SOLICITADAS	Euros

Que para o mesmo concepto, obtivéronse, ademais as subvencións ou axudas doutras administración públicas ou entidades privadas seguintes, polos importes que se indican:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE
TOTAL SUBVENCIONS /AXUDAS CONCEDIDAS	Euros

NINGUNHA OUTRA SUBVENCIÓN

E para que conste, a efectos de xustificación e cobro da axuda referida, expídese a presente declaración en Oza - Cesuras, a _____ de _____ de 2023

Asdo.: _____

